

ARTS & CRAFTS

Este é o traballo de plástica para esta semana. A data tope de entrega é o venres **12 de xuño**.

Nota: as actividades que se indican como opcionais, son para aqueles alumnos-as que queiran facer actividades de ampliación.

Un saúdo

1º PRIMARIA

Libro páxina 39. Nesta actividade tedes que colorear os elementos da casa que están en branco. Os que teñen a mesma forma xeométrica coleréanse de vermello e os que teñen distintas formas de azul; por exemplo, se hai dous círculos, coloreades ambos en vermello e se hai un rectángulo, empregades o azul. Ao rematar, pasades a seguinte páxina. Nesta actividade hai que unir os puntos en orde (1,2,3.....20) con liñas rectas (podedes usar a regra), ao rematar descubriredes de que se trata e coloreades o resultado.

2º PRIMARIA

Libro páxina 38 "Pottery" Completar ambos debuxos e colorear, utilizando cores similares ao modelo. Na seguinte páxina tedes que decorar os 6 *pots* con diferentes liñas e formas xeométricas diferentes en cada un deles, por exemplo: three blue zigzag lines, three red circles, two pink triangles, four green wavy lines

3º-4º PRIMARIA

Libro páxina 32. Nesta actividade tedes que identificar as catro formas que constan de liñas rectas e debuxalas nos cadros. Escribir o seu nome: pyramid, cube, rectangular prism, triangular prism.

Opcional actividade 2. Crear una forma con palillos. Utiliza plastilina para os vértices.

5º-6º PRIMARIA

Libro páxinas 38 e 39. Ler a información da páxina 38. Na actividade da páxina 39 tedes que engadir máis montañas aos debuxos. Despois colorear escollendo una soa cor e utilizando sombras e tonalidades. No último recadro , tedes que facer unha paisaxe similar as anteriores e colorear.

Opcional: no arquivo adxunto deixovos varios mandalas xeométricos para repasar o estilo modernista de Gaudi